

Parte específica | Tema 34

A intermediación laboral.

Concepto. Axentes da intermediación. O servizo público de intermediación laboral. A colocación adecuada. Prácticas non laborais.





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.



Índice

1	A intermediación laboral. Concepto. Axentes da intermediación. O servizo público de intermediación laboral.....	4
1.1	A intermediación laboral. Concepto	4
1.2	Axentes da intermediación	5
1.3	O servizo público de intermediación laboral.....	6
2	A colocación adecuada	8
3	Prácticas non laborais	10
3.1	Consideracións previas.....	10
3.2	Real Decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas.....	11

1 A intermediación laboral. Concepto. Axentes da intermediación. O servizo público de intermediación laboral

No preámbulo da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego (en diante, LE) establécese que a intermediación (obxecto do Capítulo III do Título III) é obxecto de configuración ampla e omnicompreensiva. Na mesma quedan así subsumidas tres categorías de actuacións:

- A prospección e captación de ofertas de traballo.
- A posta en contacto de ofertas de emprego con persoas que perseguen a súa colocación ou recolocación e,
- A selección de persoas que se estiman idóneas para un posto de traballo.

Así mesmo, conforme ao devandito esquema, configúranse como **colocación especializada**:

- Por unha banda, as actividades de recolocación de persoas traballadoras ou desempregadas que resultasen afectadas en procesos de reestruturación empresarial e,
- Doutra banda, as actividades de selección de persoal consistentes na procura da candidatura adecuada entre persoas traballadoras que non demandan emprego, nin mellora deste.

1.1 A intermediación laboral. Concepto

O concepto de intermediación laboral recóllese na LE. Conforme á mesma, enténdese por intermediación laboral o conxunto de accións destinadas a proporcionar ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características e facilitar ás entidades empregadoras as persoas traballadoras máis apropiadas aos seus requirimentos e necesidades desde un enfoque integral.

A intermediación laboral Inclúe actividades de:

- Prospección e captación de ofertas de emprego.
- Posta en contacto, colocación, recolocación e selección de persoas traballadoras.

En calquera caso, **para que se considere intermediación ou colocación laboral, o conxunto de accións descritas non debe levarse a cabo exclusivamente por medios automatizados** (artigo 3.c da LE).

De xeito máis concreto, o devandito concepto de intermediación laboral complétase e desenvólvese en maior detalle atendendo ás seguintes características (artigo 40 da LE):

- A intermediación pode comprender as seguintes actuacións:
 - A prospección e captación de ofertas de traballo.
 - A posta en contacto de ofertas de traballo con persoas que buscan un emprego, para a súa colocación ou recolocación.
 - A selección para un posto de traballo de persoas que poden ser idóneas para o mesmo, evitando calquera nesgo ou estereotipo de xénero, idade ou discapacidade.
 - A posta a disposición da persoa solicitante de emprego, especialmente se se atopa entre os colectivos de atención prioritaria do artigo 50 da LE, o conxunto de apoios necesarios para que as súas circunstancias persoais, sociais ou familiares non se traduzan en barreiras ao longo do proceso de intermediación laboral.
- Considerarase **colocación especializada** a actividade destinada á recolocación das persoas traballadoras ou desempregadas que resultasen afectadas en procesos de reestruturación empresarial, cando aquela fose establecida ou acordada coas persoas traballadoras ou os seus representantes nos correspondentes plans sociais ou programas de recolocación, ou decidida polos servizos públicos de emprego, de oficio ou a instancia das persoas afectadas por transicións industriais ou por transformacións nos sectores produtivos.
- A actividade de **selección de persoal** tamén se considerará colocación especializada, aínda cando o método de recrutamento da persoa idónea para o posto de traballo ofertado requira estender, a falta de perfís adecuados entre as persoas demandantes inscritos, a procura da candidatura adecuada entre persoas traballadoras non inscritas como persoas demandantes dos servizos públicos de emprego.

1.2 Axentes da intermediación

A efectos do Sistema Nacional de Emprego, a intermediación no mercado de traballo realizarase unicamente a través de (artigo 41.1 da LE):

- Os servizos públicos de emprego.
- As axencias de colocación, sexan axencias de colocación propiamente ditas ou axencias especializadas na recolocación ou na selección de persoal. As axencias de colocación poden realizar actividades de intermediación en coordinación

cos servizos públicos de emprego ou como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego mediante a articulación do correspondente instrumento xurídico para a prestación de servizos de intermediación laboral, ou no seu caso, con suxeición ao acordo marco para a contratación de servizos que faciliten o desenvolvemento de políticas activas de emprego previsto na disposición adicional trixésimo primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro.

- Aqueloutros servizos que regulamentariamente se determinen para ou coas persoas traballadoras no exterior. Adoptaranse as medidas pertinentes para evitar calquera abuso e práctica fraudulenta en movementos migratorios cuxo orixe, destino ou tránsito se sitúe no territorio do Estado, con atención particular dos colectivos desfavorecidos.

Así mesmo, as entidades colaboradoras ou promotoras de programas de políticas activas de emprego aprobados polos servizos públicos de emprego, poderán realizar de maneira complementaria actuacións de intermediación dirixidas á inserción laboral das persoas participantes nos mesmos, nos termos establecidos na normativa reguladora correspondente. Neste suposto, as citadas entidades non precisarán constituírse como axencias de colocación (artigo 41.2 da LE).

1.3 O servizo público de intermediación laboral

Conforme a regulación realizada polo artigo 42 da LE, a intermediación laboral ten a consideración de servizo de carácter público, con independencia do axente que a realice.

Mediante a intermediación laboral, os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas e o Estado, directamente e a través de axencias de colocación, deben garantir no ámbito das súas respectivas competencias e para o conxunto do Estado e do Espazo Económico Europeo, no marco da Rede Europea de Servizos Públicos de Emprego, un servizo público de intermediación laboral a persoas traballadoras e persoas, empresas e demais entidades empregadoras, sen barreiras territoriais. A estes efectos, os servizos públicos de emprego deberán captar as ofertas e demandas de emprego do mercado de traballo e superar os desequilibrios territoriais, garantindo ás persoas, empresas e demais entidades empregadoras e persoas usuarias dos servizos de emprego unha **intermediación eficaz e de calidade**.

Sen prexuízo da oportuna colaboración público-privada a través dos instrumentos de coordinación ou os convenios de colaboración que se celebren con axencias de colocación, fortaleceranse os medios públicos do Sistema Nacional de Emprego para facilitar a intermediación laboral.

Os servizos públicos de emprego formalizarán, no seu correspondente ámbito territorial, acordos de coordinación ou convenios de colaboración coas axencias cuxo contido deberá respectarse.

En virtude de tales acordos, os servizos públicos poderán redirixir ás axencias ás persoas demandantes de emprego para a prestación dos servizos de colocación e intermediación laboral solicitados. Tamén poderán derivar ás empresas usuarias deses servizos cando así se contemple no correspondente acordo e se garanta a gratuidade do servizo para as empresas, como o é tamén por definición para os usuarios das políticas activas de emprego.

As empresas e persoas demandantes de servizos de emprego poderán tamén concertar directamente a prestación de servizos de intermediación con axencias de colocación, que actúen en coordinación ou colaboración cos servizos públicos de emprego e con suxeición aos principios reitores da política de emprego, coa finalidade, no caso das persoas traballadoras, de atopar un emprego adecuado ao seu perfil e, no caso das empresas, de solicitar e, no seu caso, recrutar ás persoas candidatas cuxo perfil se axuste aos seus requirimentos e necesidades.

Garantirase, en todo caso, ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos de intermediación.

A colaboración das axencias de colocación cos servizos públicos de emprego poderá consistir na concesión de subvencións públicas, contratación administrativa ou calquera outra forma xurídica axustada á normativa estatal e autonómica. O financiamento con fondos públicos esixirá o sometemento das axencias aos indicadores de eficiencia específicos previstos no artigo 46 da LE.

As axencias de colocación que actúen con ánimo de lucro deberán, á marxe da actividade concertada publicamente, desenvolver polo menos un 60 % da súa actividade con fondos propios.

Potenciarase a subscripción de convenios para a execución de programas incluídos nos instrumentos de planificación e coordinación da política de emprego que respondan a necesidades específicas, en particular de certos territorios por transicións industriais, transformacións produtivas ou despoboamento, ou protexan a colectivos con necesidades especiais.

As actividades de intermediación desenvolvidas polas axencias de colocación someteranse a seguimento e avaliación por parte dos servizos de emprego no seu respectivo territorio. A estes efectos, as axencias de colocación facilitarán, nos soportes informáticos ou medios que se establezan, os datos, documentación e información precisos para dotar o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego, así como os requiridos polos servizos públicos de emprego para avaliar o resultado cualitativo e cuantitativo do seu intermediación.

Toda actividade de intermediación, tanto respecto do labor de prospección e captación de ofertas de traballo como da casación da oferta e demanda de emprego ou a colocación, recolocación ou selección de persoal, desenvolverase atendendo ao



cumprimento dos obxectivos da política de emprego e dos principios reitores da mesma.

En particular, respectarase a igualdade real e efectiva das persoas oferentes e demandantes de emprego e a non discriminación no acceso ao emprego, sen prexuízo da xeración de mercados de traballo inclusivos e a execución de programas específicos para facilitar a empregabilidade de colectivos máis desfavorecidos.

Preservarase tamén a plena transparencia e a protección e adecuado tratamento dos datos persoais das persoas demandantes de emprego polos axentes de intermediación.

2 A colocación adecuada

I. Concepto de colocación adecuada (artigo 3.g da LE).

A efectos da LE, enténdese por colocación adecuada:

- A colocación na profesión demandada pola persoa traballadora, de acordo coa súa formación, características profesionais, experiencia previa ou intereses laborais.
- Tamén aquela que se corresponda coa súa profesión habitual.
- Ou calquera outra que se axuste ás súas aptitudes físicas e formativas.

Nos dous últimos casos, ademais, a oferta deberá implicar un salario equivalente ao establecido no sector no que se ofrezca o posto de traballo.

A colocación que se ofrezca deberá ser indefinida e cun salario, en ningún caso, inferior ao salario mínimo interprofesional.

No marco do acordo de actividade voluntariamente aceptado, **tamén será colocación adecuada**, a que sexa convida dentro do itinerario de inserción, incluída a colocación de duración determinada regulada no artigo 15.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e a colocación a tempo parcial. Soamente neste marco, será adecuada a colocación que se ofrezca nunha localidade que non sexa a de residencia da persoa traballadora.

Este concepto ten unha grande relevancia xa que, entre outros motivos, segundo o artigo 58.f) da LE, un dos compromisos das persoas demandantes de emprego é o de aceptar ofertas de emprego adecuadas nos termos sinalados polo artigo 3, no caso das persoas desempregadas. No caso de que a persoa sexa beneficiaria de prestacións por desemprego, no acordo comprometerase a buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada nos termos definidos no artigo citado e participar en accións



específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa empregabilidade.

Do mesmo xeito, esta definición de colocación adecuada ten incidencia sobre a definición das infraccións en materia de emprego e prestacións.

Non debe confundirse o concepto de colocación adecuada co de **colocación especializada** definido no artigo 40 da LE e xa referido anteriormente neste tema no apartado dedicado ao concepto de intermediación laboral, que se refire a:

- A actividade destinada á recolocación das persoas traballadoras ou desempregadas que resultasen afectadas en procesos de reestruturación empresarial, cando aquela fose establecida ou acordada coas persoas traballadoras ou os seus representantes nos correspondentes plans sociais ou programas de recolocación, ou decidida polos servizos públicos de emprego, de oficio ou a instancia das persoas afectadas por transicións industriais ou por transformacións nos sectores produtivos.
- A actividade de selección de persoal, aínda cando o método de recrutamento da persoa idónea para o posto de traballo ofertado requira estender, a falta de perfís adecuados entre as persoas demandantes inscritos, a procura da candidatura adecuada entre persoas traballadoras non inscritas como persoas demandantes dos servizos públicos de emprego.

Neste sentido, a colocación especializada detállase a continuación en maior medida.

II. Recolocación das persoas traballadoras (artigo 44 da LE).

A actividade de colocación especializada destinada á reinserción profesional ou recolocación das persoas traballadoras que resultasen afectadas en procesos de reestruturación empresarial, poderá ser desenvolvida directamente polo persoal dos servizos públicos de emprego ou por axencias de colocación nos termos sinalados no artigo 43 da LE.

Tal actividade de recolocación desenvolverase nos termos sinalados no correspondente plan de recolocación externa de conformidade co disposto no artigo 51.10 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 9 do Real Decreto 1483/2012, de 29 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada. Así mesmo, a actividade de recolocación poderá desenvolverse a iniciativa dos servizos públicos de emprego cando concorran circunstancias que o fagan oportuno.

No desenvolvemento do plan de recolocación externa deberá procurarse, en particular, o retorno ao mercado de traballo das persoas traballadoras, homes e

mulleres, cuxos contratos se extinguiron por despedimento colectivo despois dos 52 anos, evitando toda discriminación por razón de idade.

III. Selección de persoal (artigo 45 da LE).

O desenvolvemento da actividade de colocación especializada consistente na selección de persoal poderá ser desenvolvida directamente polo persoal dos servizos públicos de emprego ou por axencias de colocación.

O desempeño da devandita actividade efectuarase con arranxo aos principios de igualdade e non discriminación no acceso ao emprego por motivo de idade, sexo, discapacidade, saúde, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, características sexuais, nacionalidade, orixe racial ou étnica, relixión ou crenzas, opinión política, afiliación sindical, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como por razón de lingua dentro do Estado español.

3 Prácticas non laborais

3.1 Consideracións previas

Dentro da LE, no seu Capítulo V dedicado a colectivos de atención prioritaria para a política de emprego sitúanse as persoas demandantes de servizos de emprego mozas (artigo 53 da LE), no que se establece que ostenta a condición de persoa nova, aos efectos desta lei, a que non alcanzase os 30 anos ou sexa beneficiaria do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

O Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego inclúe, nas mesmas condicións que a calquera outra persoa demandante de servizos de emprego, a quen forme parte da poboación activa nesta franxa de idade. Os datos do sistema utilizaranse aos efectos de calquera programa europeo ou interno que se poñan en marcha, a cuxo efecto se realizarán as adaptacións puntuais que sexan necesarias.

Considérase, en todo caso, colectivo prioritario para a política de emprego o conformado polas persoas novas, especialmente por aquelas que superen os 18 anos e carezan dalgunha das titulacións previstas no artigo 11.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores para a conclusión dun contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada ao correspondente nivel de estudos. Nas persoas novas de 16 e 17 anos sen estudos obrigatorios ou postobrigatorios, independentemente da mellora da empregabilidade e inserción laboral, os esforzos do sistema público de emprego prestarán unha atención especial ao retorno ao sistema educativo e mellora das cualificacións iniciais. En canto ás persoas novas que dispoñan dalgunha das citadas titulacións, **as medidas de empregabilidade dirixiranse cara ao favorecemento da práctica profesional.**



Polo tanto, e conforme ao indicado no artigo 53 da LE, as prácticas profesionais, entre as que se atopan as prácticas profesionais non laborais, forman parte das medidas de empregabilidade para as persoas mozas que dispoñan de algunha titulación.

Estas están regulada polo Real Decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas (en diante, RDPNL), que se analiza en detalle no seguinte subapartado.

3.2 Real Decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas

I. Obxecto (artigo 1).

O presente real decreto ten por obxecto regular as prácticas non laborais en empresas ou grupos empresariais que formalicen convenios cos Servizos Públicos de Emprego, dirixidas a persoas mozas que, debido á súa falta de experiencia laboral, teñan problemas de empregabilidade.

II. Definición (artigo 2).

Dentro das accións e medidas de políticas activas de emprego, a que se refire a letra b), do apartado 1, do artigo 25, da Lei 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego (**derrogada**), as empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas mozas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, ao obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral, nos seus centros de traballo co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do achegamento á mesma, á vez que contribúe a completar a formación alcanzada pola persoa nova.

As prácticas non laborais nas empresas non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a empresa e a persoa moza (artigo 2.2 do RDPNL).

III. Destinatarios das prácticas non laborais e contido das mesmas (artigo 3).

As prácticas non laborais irán dirixidas a persoas mozas desempregadas inscritas na oficina de emprego, con idades comprendidas entre 18 e 25 anos inclusive, que posúan unha **titulación oficial universitaria, titulación de formación profesional**, de grao medio ou superior, ou **titulación do mesmo nivel** que o desta última, correspondente aos ensinos de formación profesional, artísticas ou deportivas, ou ben un **certificado de profesionalidade**. Así mesmo, non deberán ter unha relación laboral ou outro tipo de experiencia profesional superior a 3 meses na mesma actividade, non téndose en conta a estes efectos as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións ou certificados correspondentes.



No suposto de mozos inscritos no Ficheiro Nacional do Sistema de Garantía Xuvenil a idade máxima para realizar as prácticas non laborais reguladas neste real decreto será a establecida para os beneficiarios do devandito Sistema, de acordo co previsto na Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, dos estudantes universitarios, que se rexerán pola súa normativa específica.

As prácticas desenvolveranse en centros de traballo da empresa ou do grupo empresarial, baixo a dirección e supervisión dun titor e terán unha duración entre 3 e 9 meses. Á finalización das prácticas non laborais, as empresas, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, deberán entregar ás persoas que realizasen as mesmas un certificado no que conste, polo menos:

- A práctica realizada.
- Os contidos formativos inherentes á mesma.
- A súa duración.
- O período de realización.

Os Servizos Públicos de Emprego das Comunidades Autónomas e o Servizo Público de Emprego Estatal, adoptarán as medidas necesarias para que estes certificados queden recollidos no Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego.

No acordo que subscriban a empresa e a persoa moza que vai desenvolver as prácticas non laborais, definirase, polo menos:

- O contido concreto da práctica a desenvolver.
- A duración da mesma.
- As xornadas e horarios para a súa realización.
- O centro ou centros onde se realizará.
- A determinación do sistema de titorías.
- A certificación á que a persoa moza terá dereito pola realización das prácticas.

A empresa informará á representación legal dos traballadores sobre os acordos de prácticas non laborais subscritos coas persoas mozas. Así mesmo, a empresa deberá informar os Servizos Públicos de Emprego competentes dos acordos subscritos sobre prácticas non laborais.

As persoas novas participantes recibirán da empresa ou grupos empresariais en que desenvolven as prácticas unha bolsa de apoio cuxa contía será, como mínimo, do 80% do IPREM mensual vixente en cada momento.

Ás persoas mozas participantes nas prácticas non laborais, reguladas neste real decreto, seranlles de aplicación os mecanismos de inclusión na Seguridade Social contemplados no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

No marco da negociación colectiva poderanse establecer criterios para a realización de compromisos de contratación á finalización das prácticas correspondentes.

IV. Convenios de colaboración para as prácticas non laborais (artigo 4).

As empresas que vaian desenvolver as prácticas non laborais contempladas neste capítulo, previamente á subscrición do acordo coas persoas beneficiarias das mesmas, celebrarán un convenio co Servizo Público de Emprego competente en razón do ámbito territorial do centro de traballo onde se desenvolverán aquelas. No caso de que o desenvolvemento das prácticas non laborais se realice en empresas con centros de traballo situados en máis dunha Comunidade Autónoma, o convenio subscribírase co Servizo Público de Emprego Estatal; sen prexuízo diso, a preselección de persoas mozas para a realización destas prácticas, así como o control e seguimento das mesmas corresponderá aos Servizos Públicos de Emprego competentes en razón da localización dos centros de traballo.

No citado convenio incluírase, entre outros contidos, unha mención ao proceso de preselección das persoas mozas candidatas polos Servizos Públicos de Emprego. En todo caso, o proceso de selección final das persoas que van participar no programa de prácticas non laborais corresponderá á empresa.

Nos convenios contempláranse de forma expresa as accións de control e seguimento das prácticas non laborais a realizar polos Servizos Públicos de Emprego, a fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos e dos obxectivos desta medida, especialmente, a contribución das prácticas á mellora da empregabilidade.

A empresa presentará aos Servizos Públicos de Emprego un programa de prácticas non laborais onde constará, polo menos:

- O contido das prácticas e a formación que lle acompañará.
- A duración das mesmas.
- A indicación de sistemas de avaliación e titorías.



V. Contratación de persoas novas que realizan prácticas non laborais (artigo 5).

As persoas mozas que participasen ou participen no programa de prácticas non laborais poderán ser contratadas á finalización, ou durante o desenvolvemento das mesmas, baixo calquera modalidade de contratación, de acordo coa normativa laboral vixente nese momento, ou no seu caso, poderán incorporarse como persoa socia se as prácticas foron realizadas en cooperativas ou sociedades laborais.

Así mesmo, as empresas que desenvolvan estes programas de prácticas non laborais, contemplados no artigo anterior, poderán incluír no convenio de colaboración que subscriban cos Servizos Públicos de Emprego competentes, un apartado específico relativo ao compromiso de contratación destas persoas mozas de acordo co establecido no Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego e desenvolvido polo artigo 21 da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, podendo dar lugar a unha subvención que compense gastos derivados das accións de titoría e avaliación, de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Orde.

O Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego foi derogado pola disposición derogatoria única, apartado 2.a, do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Os contratos de traballo celebrados coas persoas mozas que se subscriban tras a participación destas no programa de prácticas non laborais, poderanse acoller aos incentivos que en materia de contratación existan na lexislación vixente no momento da contratación, de acordo, en todo caso, coa normativa que resulte de aplicación.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN